

ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA CELEBRADA POLO CONCELLO PLENO EN DATA 27 DE MARZO DE 2012

No salón de sesións da Casa Consistorial do Concello de Fene (A Coruña), sendo as 8:33 horas do día 27 de marzo de 2012, baixo a Presidencia do sr. alcalde-presidente don Gumersindo Pedro Galego Feal, réunese, en primeira convocatoria, o Pleno do Concello ao obxecto de celebrar sesión extraordinaria convocada para o día da data.

A sesión celébrase, de acordo co art. 46.2 da Lei 7/1985 reguladora das bases do réxime local a solicitude dos seguintes concelleiros don Juventino José Trigo Rey, dona Rita María Couto Seijido, don Manuel Polo Gundín, dona Inés Roca Requeijo, don Justo Martínez Ardá.

Asistiron os/as concelleiros/as:

Dona Rocío Aurora Bertoa Puente, don Alejandro Dopico Rodríguez, don Juan José Franco Casal, dona Juana Barro Couto, don José Andrés Serantes Painceiras, don Iván Puentes Rivera, quen se ausenta da sesión no momento que se expresa na presente acta, don Antonio Luis Noceda Carballo, dona Amalia García Balado, don José Antonio López Rodríguez, quen se ausenta da sesión no momento que se expresa na presente acta, dona María Carmen Silvar Canosa, don Juventino José Trigo Rey, dona Rita María Couto Seijido, don Manuel Polo Gundín, dona Inés Roca Requeijo, don Justo Martínez Ardá e dona María Carmen Martínez Rodríguez.

Secretario:

Don Jesús Tallón García.

A Presidencia, tras comprobar nos termos expostos que se dá o quórum legalmente esixido polo artigo 90.1 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, declara aberta a sesión, e procédese ao estudo e exame dos asuntos incluídos na orde do día da convocatoria.

1. Previa ratificación da súa inclusión na orde do día, moción presentada polo grupo municipal do BNG para a aprobación, se procede, do apoio á folga xeral do 29 de marzo en contra da reforma laboral.

Seguidamente a Presidencia somete a votación ordinaria a inclusión na orde do día da moción presentada polo grupo municipal do BNG para a aprobación, se procede, do apoio á folga xeral do 29 de marzo en contra da reforma laboral, sendo aprobada por unanimidade.

A continuación pide o uso da palabra o concelleiro Manuel Polo Gundín quen, unha vez concedido, manifesta que quere agradecer a todos os grupos municipais a predisposición para a celebración deste Pleno e anuncia que o grupo municipal do BNG vai renunciar por escrito ás dietas pola asistencia a este Pleno coma mostra de solidariedade e apoio a todas as traballadoras e traballadores que o vindeiro día 29 de marzo acudan a folga xeral, así como a todas as persoas que se atopan en situación de desemprego e non poden facer uso dese dereito por carecer dun emprego. De seguido pasa a dar lectura da moción que se debate, que copiada di:

“Manuel Polo Gundín portavoz do Grupo municipal do BNG solicita, ao abeiro da lexislación vixente e xunto cos concellerios e concelleiras do seu grupo municipal, a convocatoria dun Pleno extraordinario para tratar o seguinte punto:

Único.- MOCIÓN DE APOIO Á FOLGA XERAL DO 29 DE MARZO EN CONTRA DA REFORMA LABORAL

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A reforma laboral recentemente aprobada polo Goberno do Estado, a través do Real Decreto-Lei 3/2012, do 10 de febreiro, constitúe outro chanzo máis na aplicación de políticas regresivas e inxustas socialmente.

A curta estancia do actual Goberno no poder xa nos permite albiscar a asunción plena do programa económico dos grandes poderes económicos e financeiros, e a disposición para levar a termo políticas de axuste económico que atentan contra dereitos e conquistas sociais atinxidas a prol das maiorías sociais.

A regulación laboral agora en vigor socava dereitos dos traballadores e traballadoras, actuando para iso sobre a rebaixa das indemnizacións por despedimento, a ampliación das facultades da empresa para ordenar modificacións discrecionais nas condicións de traballo e a devaluación da negociación laboral. O obxectivo último é a procura dunha maior precariedade e desregulación nas relacións laborais, que conduzan a unha redución real das rendas salariais, que xa viñan sufrindo un retroceso antes e, sobre todo, despois do estoupido da crise fronte ás rendas de capital.

Por outra banda, esta non é a reforma no eido do réxime laboral que se precisa para afrontar unha recuperación económica baseada na creación de emprego estábel e digno, que é a principal aspiración da maioría das persoas no noso país, especialmente dunha parte importante que atravesa graves dificultades económicas. Esta afirmación, non procede das organizacións e persoas contrarias á reforma, senón que mesmo foi emitida polo Goberno e partido impulsores de dita reforma laboral, que recoñeceron a súa nula contribución cara a xeración de emprego, evidenciando dese xeito que a verdadeira xustificación para adoptala é a de satisfacer as arelas de minoritarias elites económicas de reducir os dereitos laborais a mínimos para mellorar en exclusiva a taxa de beneficios e o reparto de dividendos entre os accionistas das grandes corporacións empresariais.

As organizacións sindicais máis representativas convocaron unha folga xeral para o vindeiro día 29 de marzo, a fin de que os traballadores e traballadoras expresen o seu rexeitamento á reforma laboral, tanto polo contido antisocial concreto que contén, como por representar unha medida máis dentro da política de retallamentos sociais que o actual Goberno do Estado está disposto a emprender.

No noso concello a maioría da poboación é traballadora, polo que se verá directamente afectada pola minoración de dereitos no desempeño do seu labor profesional imposta por esta reforma laboral, o que require un apoio explícito da institución local representativa ás medidas de rexeitamento da mesma.

Por todo o exposto é polo que o grupo municipal do Bloque Nacionalista Galego solicita do Pleno da Corporación Municipal a adopción do seguinte
ACORDO

Manifestar o apoio ás mobilizacións e á folga xeral convocadas para o 29 de marzo de 2012 polas organizacións sindicais representativas en contra da reforma laboral aprobada polo Real Decreto 3/2012, do 10 de febreiro.

Fene, 14 de marzo de 2012
Juventino Trigo Rey

Rita Couto Seijido

Prosegue dicindo o concelleiro Manuel Polo Gundín que, para desenvolver o propio contido da moción, é preciso dicir que este decreto atenta contra o conseguido nos últimos trinta ou corenta anos polos traballadores, que non vai conseguir remontar a situación económica, que vai precarizar aínda máis a situación das pequenas empresas e autónomos xa que con estas medidas se contarán con menos recursos económicos, menos protección social para ir ao desemprego e, en definitiva, se vai empobrecer e desvalorizar a sociedade porque non se pode empobrecer o poder, que as persoas e os traballadores van ser a moeda de cambio para que os grandes capitais melloren as súas contas de resultados. Di que para o seu grupo esta reforma laboral evidencia que é falso aquilo que dicía o PP fai un ano de que o importante era crear emprego e non o despido máis barato, que con esta reforma laboral o PP demostra que o importante é poder despedir moi barato, que para o BNG non é asumible esta reforma, que vai xerar máis desemprego, tendo en conta que xa hai un vinte e cinco por cento de desemprego.

A continuación pide o uso da palabra o concelleiro Iván Puentes Rivera quen, unha vez concedido, manifesta que o seu grupo vai votar a favor da moción, que na penúltima sesión plenaria xa se debateu unha moción contra a reforma laboral na que expuxo todos os puntos que ao seu partido lle parecían máis decisivos da nova reforma, que por iso non se vai repetir pero si quere deixar claro que o seu voto vai ser a favor e que está claramente xustificado, que pensa que todo o mundo sabe que a reforma laboral é a máis regresiva que se fixo neste país en toda a democracia, a que máis dereitos recorta aos traballadores e a que racha definitivamente o equilibrio entre as forzas sociais, entre a patronal e as organizacións sindicais e os traballadores, que atenden unicamente ás reivindicacións dos empresarios e da patronal de ter un despido libre e para delimitar ao máximo os dereitos laborais deste país. Di que o seu grupo xa votou en contra da anterior reforma laboral elaborada polo propio Partido Socialista cando estaba no goberno central e polo tanto tamén votarán en contra daquela reforma laboral, que si daquela xa lle parecía que non ía polo camiño correcto, esta vai moito máis alá e polo camiño máis incorrecto dos posibles. Solicita, xa que o Concello se vai postular oficialmente a favor da folga xeral, que os traballadores de Fene se impliquen ao máximo na reivindicación do vindeiro 29 de marzo e fai un chamamento á mobilización que será a única barreira para a protección dos dereitos que tardaron tantos anos en acadar. Di que pensa que este non será o único paso que dará o goberno central neste sentido, que o Partido Popular non apoiou no pasado a reforma laboral do PSOE e que agora fixo unha moito peor, que coa primeira reforma feita polo PSOE non se sabía si se ía crear emprego ou non e que con esta o goberno asumiu que non se ía crear emprego ata dentro de dous ou tres anos, polo que a reforma a cualifica como absurda, que non responde aos intereses de mellorar á economía ou a situación dos traballadores e a creación de emprego senón que responde ás demandas da patronal de suprimir os dereitos dos traballadores deste país.

De seguido pide o uso da palabra a concelleira María Carmen Martínez Rodríguez quen, unha vez concedido, manifesta que está totalmente de acordo co contido da moción. Di que hai xente que di que non apoian a folga porque non se o poden permitir, que lle diría que esta reforma laboral dará con toda seguridade unha rebaixa dos salarios, que se unha persoa non se pode permitir a perda do salario dun día menos se poderá permitir a baixada do salario de xeito permanente, que outra xente di que a folga non servirá ou que non solucionará nada, que a esta xente lles diría que todas as melloras que se conseguiron para os traballadores se conseguiron historicamente a través da loita, que ninguén lle regalou nada aos traballadores, que está demostrado que o que non serve é quedarse parado sen facer nada, que hai xente que di que non apoia a folga porque un só día de folga non é suficiente e a eles lles di que é evidente que se esta medida non é suficiente, detrás virán outras medidas máis contundentes.

Neste momento abandona a sesión o concelleiro Iván Puentes Rivera.

Prosegue a dicir a concelleira María Carmen Martínez Rodríguez que outra xente alega que non se suma á folga porque non está de acordo cos sindicatos maioritarios e a esta xente lle di que a convocatoria da folga foi convocada en primeiro lugar por moitos sindicatos minoritarios e CCOO e UGT foron os últimos en sumarse á folga. Di que ela non vai ir á folga porque a convoque un sindicato senón que vai facer folga por non estar de acordo coa reforma laboral. Di que dende o ano oitenta se levan feito cincuenta e tres reformas e esta é a peor delas, a máis abusiva e a que devolve aos traballadores a unha situación coma a de fai corenta anos, que ela vai exercer o seu dereito de folga mentres, coma se está a ameazar, non llo quiten aos traballadores. Respecto dos piquetes di que aínda que en algúns casos poden facer estragos é máis grave o feito de que moitas persoas non van á folga por medo a que a despidan e que diso non se fala. Di que hai xente que di que aos autónomos non lles afecta a reforma laboral directamente, ao que ela lles di que as pequenas empresas aportan un noventa e sete por cento da carga de traballo do país, que se os autónomos non secundan a folga a xente que non vai traballar e non terán cartos para gastar, que non poderán mercar os produtos que ofrecen os autónomos, polo que conclúe dicindo que si que lles afecta a reforma laboral aos autónomos. Di que a xente que está no paro, aínda que non poden facer folga, si poden participar nas manifestacións e en todos os actos de protesta que se convoquen, lles pide que non queden na casa, que hai unha cousa moi clara, que a xente que non acude á folga vai ter que conseguir os mesmos dereitos que todos os que a apoian. Que hai xente que di que o país non está para folgas e ela di que o que pasa é que o país non está para reformas laborais que provocan despedidos e precariedade laboral, no que as familias seguen a perder poder adquisitivo, que mentres que os salarios baixan sube todo o demais, o IBI, a luz, os impostos e o custe dos servizos, que non está o país para que a igrexa continúe sen pagar impostos coma o IBI ou para seguir a recibir miles de millóns das arcas públicas, que o país non está para os rescates á banca, que non pagan ningún imposto sobre as súas actividades, nin para aforrar en investigación e despedir científicos, nin que para que os xovenes mellor formados teñan que irse ao estranxeiro na procura dun futuro. Di que pensa que si non se apoia esta folga, mal se vai, que o seu grupo a vai apoiar e tamén apoia a moción presentada polo grupo municipal do BNG.

De seguido pide o uso da palabra a concelleira Rocío Aurora Bertoa Puente quen, unha vez concedido, manifesta que o Partido Popular deste Concello, así coma o de Galicia ou o de España defende o dereito á folga xa que se trata dun dereito dos traballadores, que o seu partido é un fiel defensor de todos os dereitos, pese a que nestes momentos polas circunstancias económicas que se están a vivir tocoulles tomar unhas decisións e medidas moi duras, que non sabe que parte do discurso dos membros do goberno escoitan os demais grupos, xa que ela nunca escoitou ao presidente ou á voceira do goberno dicir que con esta reforma se ía crear emprego, que xa o dixo así na citada moción debatida no Pleno ordinario de marzo ao respecto da reforma laboral, que os argumentos son os mesmos que se dixeron en toda España, que con esta reforma o que se busca é que esas pequenas e medianas empresas que se ven abocadas ao peche continúen ata que chegue ese repunte económico que seguro que virá, e que así poidan seguir prestando as súas actividades cando isto se produza, que o seu partido é consciente de que é un momento delicado, que o voto do seu partido vai ser en contra da folga xeral, coma xa se fixo na anterior folga cando o presidente do goberno non era Mariano Rajoy e gobernaba outro partido político, que o Partido Popular de Fene votou en contra daquela folga xeral ao igual que algún dos membros daquel goberno municipal, que a maioría do país apoiou ao actual goberno do Estado, que o seu partido confía nel e desexa que este sexa o goberno que leve a España a saír da situación actual coa creación de novos empregos.

A continuación pide o uso da palabra o concelleiro Manuel Polo Gundín quen, unha vez concedido, manifesta que o seu grupo pretende facer política e que a saída da crise sexa a

través de medidas políticas e non accións civís. Di que o BNG estivo a favor da anterior folga xeral, que estivo en contra da ampliación da idade de xubilación aos sesenta e sete anos e di que neste sentido só a CIGA convocou unha folga naquela ocasión, e que o fixo coma unha cuestión normal e natural, máxime vendo coma a banca recibía miles de millóns e que os cidadáns o están a pagar absolutamente todo, que a inmensa maioría da sociedade o que quere é traballar e esforzarse o posible para sacar adiante o seu proxecto de vida e que unha minoría defende as medidas tomadas polo actual goberno do Partido Popular, medidas que veñen impostas doutros ámbitos de actuación, incluso de fóra do propio Estado. Di que para o BNG esta é a súa argumentación e este é o único xeito de que determinados gobernantes aprendan isto, que espera que o vindeiro día 29 de marzo se pare absolutamente todo, voluntariamente, xa que se ten o dereito, pero que moitas veces tamén ten que ser un dereito que as forzas sindicais teñen que apoiar, xa que non todo o mundo está en igualdade de condicións, que por iso o BNG fixo esta convocatoria extraordinaria de Pleno, que non por estar nunha situación moi negativa se poden deixar pasar as cousas, que coma representantes dos veciños teñen uns deberes e obrigas, que un deles é manter certo nivel de alerta respecto dos recortes, e que este recorte que se fai entende que non é asumible pola sociedade de Fene, nin pola galega ou a española no seu conxunto. Di que se trata dunha reforma laboral tremendamente negativa que ademais se vai estar pagando durante moitos anos por todos os traballadores, que a maioría dos despidos van estar cofinanciados, que os ERES se van cofinanciar e se van pagar por todos os cidadáns, que non se pode permitir seguir a darlles máis cartos ás grandes empresas e á banca, que se trata dunha situación que non se pode tolerar e que o único dereito que queda é o dereito á folga e a participar activamente nela.

A continuación pide o uso da palabra o concelleiro Antonio Luís Noceda Carballo quen, unha vez concedido, di que as manifestacións feitas pola voceira do Partido Popular non se corresponden coa realidade que hai hoxe, que dixo que o seu partido defendía os dereitos dos traballadores e di que esta crise non provocaron os traballadores, nin teñen ningunha responsabilidade, que a voceira do PP dixo que o seu partido tivo que tomar algunha medida que non lle gustou ao que replica que iso non é certo, que si fose verdade se podían ter feito cousas como a modificación que fixo o PSOE, coa que el persoalmente tamén estivo en contra, do artigo 15 do Estatuto dos traballadores que sufriu unha modificación temporal de dous anos, así na reforma laboral do Partido Popular non se fixo nada con carácter temporal, é dicir, que se está aproveitando a crise económica para facer o maior recorte dos dereitos laborais dos últimos trinta anos. Di que a voceira do PP dixo que a reforma laboral non vai crear emprego e que o obxectivo é salvar as pequenas empresas ao que alega que a situación actual non foi creada polos traballadores, que a creou a falla de regulación que hai na economía financeira a nivel mundial e tamén en España, que aquí tamén hai un responsable, que esta crise comeza co maior atraco da historia da humanidade na que uns poucos banqueiros estadounidenses atacaron á maioría dos cidadáns do mundo, e a eles non lles vai pasar nada, que a reforma financeira non chega, que o que foi a orixe desta crise non se lle toca, en cambio aos que a teñen que pagar si, que a pagarán os de sempre e ante iso só pode haber unha resposta que é a resposta conxunta dos traballadores dicindo non, apoiando a folga xeral e o traballo, que tamén pide o traballo dos sindicatos o día 29 con piquetes en todos os centros de traballo que garantan que todos os traballadores poidan ir á folga, xa que coma dicía a voceira do grupo mixto, é certo que existe o dereito a traballar de quen queira, pero tamén é verdade que a maior coacción que teñen os traballadores deste país é o medo a ser despedidos se van á folga, polo que isto se debe garantir cos piquetes informativos, que o principal dereito é que os traballadores cando son agredidos se poidan defender.

De seguido pide o uso da palabra a concelleira María Carmen Martínez Rodríguez quen, unha vez concedido, manifesta que entendeu perfectamente que esta reforma laboral non ía crear emprego.

Neste momento abandona a sesión o concelleiro José Antonio López Rodríguez.

Prosegue dicindo a concelleira María Carmen Martínez Rodríguez, que este extremo xa o dixo Mariano Rajoy, que incluso presumiu de que esta reforma ía provocar unha folga xeral, que o que non entenden é que sempre se comecen os recortes pola parte máis débil, que é a dos traballadores, e que se podería recortar primeiro en aeroportos que non teñen avións, en circuitos de Fórmula 1, nas candidaturas aos xogos olímpicos, en estacións do AVE sen viaxeiros, en despregues de tropas aforrando gastos militares, en privilexios da familia real, políticos e altos cargos, que se podería comezar a recortar por aquí e seguro que non habería unha folga xeral. Di que xa sabía que a reforma laboral non ía crear emprego, que supón que o Partido Popular enganou a todos aqueles que os votaron porque si se repasan as súas manifestacións, nas que dixo que isto ou aquilo non o ían facer é o que, precisamente, se está a facer. Di que entenderían que se os recortes comezasen por arriba esta reforma se podería asumir, pero que o que se fixo é conxelar o salario mínimo, permitir o despido libre practicamente e deixar os dereitos dos traballadores nas mans dos empresarios e volve a dicir que moita xente non vai ir á folga non porque queira ir traballar, se non precisamente por temor ao despido. Di que preparando este Pleno buscou casos que xa foron obxecto de despido logo de aplicar esta reforma e cita o caso dun traballador ao que se lle detectou un cancro e como faltaba moito ao traballo o empresario prescindiu dos seus servizos, que saíu nos medios de comunicación onte, que tamén hai casos de traballadores aos que se lle dixo que había que traballar media hora máis ao día e cobrar un vinte por cento menos, polo que pregunta que si esta é a medida que vai sacar a España da crise di que ela non a comprende.

De seguido pide o uso da palabra a concelleira Rocío Aurora Bertoa Puente quen, unha vez concedido, manifesta que na folga do día 29 de marzo o que se debe garantir é o dereito dos traballadores de dereito á folga, que se respecte e que se dean todas as facilidades para que todos os traballadores poidan concorrer á folga, que co mesmo respecto se debe garantir que todas aquelas persoas que non queiran apoiar esta folga xeral poidan acudir ao seu centro de traballo e poidan traballar. Di que o goberno municipal o único que desexa é que sexa unha xornada tranquila, pacífica e que se desenvolva do xeito que ten que ser.

Rematado o debate a Presidencia somete a votación ordinaria moción de apoio á folga xeral do 29 de marzo en contra da reforma laboral, obténdose o seguinte resultado:

Votos a favor: nove (9) (dos/as Sres/as, Noceda Carballo, García Balado, Silvar Canosa, Trigo Rey, Couto Seijido, Polo Gundín, Roca Requeijo, Martínez Ardá e Martínez Rodríguez).

Votos en contra: seis (6) (dos/as Sres/as Galego Feal, Bertoa Puente, Dopico Rodríguez, Franco Casal, Barro Couto e Serantes Panceiras).

Abstencións: ningunha.

Á vista do resultado da votación o Pleno acorda:

Manifestar o apoio ás mobilizacións e á folga xeral convocadas para o 29 de marzo de 2012 polas organizacións sindicais representativas en contra da reforma laboral aprobada polo Real Decreto 3/2012, do 10 de febreiro.

E non habendo máis asuntos que tratar, a Presidencia levanta a sesión ás 09:05 horas do día ao comezo sinalado, estendéndose de todo isto na presente acta, do que eu, secretario, dou fe.

Visto e prace,
O alcalde-presidente

Gumersindo Pedro Galego Feal

O secretario,

Jesús Tallón García